

Cultura 4.dic.2009

A AELG renderalle homenaxe á escritora Marilar Aleixandre

LITERATURA ▶ A XVI edición de 'O Escritor na súa Terra' recoñecerá, na primavera deste 2010, a figura e a obra da autora ▶ A Asociación tamén distingue os concellos organizadores do Blanco Amor e o Salón do Libro de Pontevedra

REDACCIÓN • SANTIAGO

A homenaxe *O Escritor na súa Terra*, impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, chega neste ano 2010 á súa XVI edición recaendo, por decisión unánime da súa asemblea de socios e socias, na figura da escritora Marilar Aleixandre.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da asociación, e constitúese como unha celebración na que a terra de orixe ou de adopción do homenaxeado/a cobra un protagonismo fundamental nesta cita cultural. Trátase pois dunha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor/a (unha peza escultórica asinada por un/ha recoñecido/a artista galego/a), a plantación dunha árbore simbólica (elixida polo propio autor), a colocación dun monolito conmemorativo ou a inauguración dun espazo público co nome do/a homenaxeado/a ou cun nome elixido polo/a homenaxeado/a. A homenaxe á autora de *Teoría do caos* (Premio Xerais 2001) ou *Lobos nas illas* celebrarase na primavera do 2010.

Os Bos e Xenerosos

Outro importante premio outorgado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega é *Os Bos e Xenerosos* que, na edición do ano que vén, recoñecerá o labor



ANTONIO HERNÁNDEZ

Marilar Aleixandre, que o vindeiro maio recibirá a homenaxe 'O Escritor na súa Terra' da AELG

! A CLAVE

Abriu a listaxe Avilés de Taramancos

Avilés de Taramancos abriu, en 1995, a nómina de escritores, premiados co E da AELG. Na listaxe figuran, entre outros, Bernardino Graña, Neira Vilas, Luz Pozo, M^a Xosé Queizán, García Bodaño e Fernández Paz, entre outros ■

desenvolvido polos vinte e sete concellos galegos que organizaron o Premio Blanco Amor de Narrativa, e que cumpre o vindeiro ano o seu trinta aniversario como un dos máis destacados da narrativa galega contemporánea.

No transcurso da Cea das Letras, que se celebrará na primeira semana de maio, no ano no que se lle dedica a Novoneyra o Día das Letras Galegas, entregaráselle o galardón ao concello de Poio (Pontevedra), organizador do cer-

tame na edición de 2010, en nome de todos os concellos que participaron historicamente na súa posta en marcha.

O terceiro dos premios que a Asociación de Escritores en Lingua Galega entrega na devandita Cea das Letras é o dedicado ás institucións. Desta volta outorgáraselle ao Salón do Libro Infantil de Pontevedra, que anualmente reúne na vila do Lérez o máis destacado da literatura e da produción editorial infantil e xuvenil.